

BRAIS GAYOSO EXPÓSITO

(Ligonde, Monterroso, 2009)

Estuda quinto de primaria no Colexio de Monterroso. Dende moi noviño amosou inquietud pola música e as artes, dato que o leva a comezar a súa formación en canto tradicional, percusión e mesmo baile tradicional na Asociación Cultural Falcatruieiros, así como de batería na Escola Municipal de Música de Monterroso.

Rebuldeiro, activo, implicado e ledo de participar no eido rural no que naceu, ten formado parte reiteradas veces do Belén viviente característico da vila monterrosina, participado en distintos concursos como o de poesía de Nadal, San Silvestre (e obtido algúns premios), actuacións musicais, festivais infantís, comparsas de entroido, cantos de reis, programas televisivos como o presentado por Diana Nogueira: "E...agora que? Criaturiñas en apuros"


Non lle arremete nada, se non hai banda coa que amenizar a procesión das festas parroquiais el tira do seu tamboril e fai a marcha procesional, el presta a súa voz en nome de toda a súa xeración para loitar contra a contaminación do planeta lendo un manifesto no I Camiño dos Centinelas, 2019. Este rapaz vai dar que falar!



FEIRA DE SANTOS

MONTERROSO, 1 DE NOVEMBRO

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO



CANTARES DE CEGO

A cargo de "Toño Núñez, José Manuel G. Miguélez e Brais Gayoso Expósito"

COLABORA

CONCELLO DE
MONTERROSO



TOÑO NÚÑEZ

(Navia de Suarna, 1959)

Mestre xubilado, escritor afeccionado, cantante frustrado... Un home... Despois de traballar 20 anos con nenas e nenos de Educación Infantil, exerceu os seus 15 últimos cursos como profesional do ensino no IES do Camiño de Palas de Rei, onde se xubilou; e de aí lle ven a súa relación coa Ulloa. Ten publicados 10 contos para nenas e nenos e dous libros para maiores. Ademais, ten, tamén, un mangado de poemas e de relatos publicados en revistas, xornais e publicacións colectivas. Por exemplo, colaborou no libro *As feiras de Monterroso*, editado polo Instituto de Estudos Ulloáns (IEU), cun feixín de versos de inspiración popular; e, igualmente, no número 3 de *Cairón* (IEU) aparecen un romance e un soneto da súa autoría. Tamén lle tira moito, de cando en vez, escribir artigos de opinión. Canta no Conxunto Vocal Lugh, coro co que xa cantou en Monterroso e en Palas, e romances no Son D' Aldea; neste caso, co seu amigo acordeonista Xosé Manuel de Santo Xusto. Entre outras moitas cousas, gústanlle, especialmente, as fragas, as corrupias, as paisaxes fluviais, a arquitectura popular e a arquitectura relixiosa da Ulloa. E as súas xentes.



JOSÉ MANUEL G. MIGUÉLEZ

(Santo Xusto, Palas de Rei, 1961)

Grazas á miña mestra Mari Luz e o esforzo familiar formeime como técnico de telecomunicacións na escola de Mestría Industrial de Lugo. Traballei na Telefónica e realicei estudos artísticos na ESAD de Lugo, e de Psicoloxía na UNED. De neno devecía pola música, sempre cantando e asubiando, o meu avó fixome unha frauta de castiñeiro que non paraba de zoar mentres gardaba as vacas; más tarde merquei unha frauta de pico usada e pinchei unha filarmónica no tiro de pichón, que me custaron todos os aforros, 10 pesos, pero desquiteinos ben, levaron a súa xeira. Fixábame moi nas pezas do gaiteiro de Santo Xusto, e fí fixouse en mim, e levoume consigo de moi novo polas romaría das Ulloa, unido ao que me ensinaron despois Bruno e Julián Villamor, Luís Afonso de Monterroso, Fran Cupeiro, Marisa Dapereira ou Brais Monjardín... agora toco un chisco de gaita e acordeón.

Escribo poemas, coa idea de pórles música, ás veces queda na intención. Fago algunha composición sinxela para o Grupo de Pandereteiras da Escola de Música do Concello de Lugo, e fui gañador do derradeiro certame da revista literaria *A Pipa*. Participo con amigos cantando e tocando nalgúnha taberna na que nos aturan e na organización do Son D'aldea, onde coñecín ao mestre e amigo Toño Núñez, co que dá gusto colaborar e aprender. E, se cadra, aínda nos dedicamos a cantar coplas polas feiras, empezando pola más grande, coma non podía ser doutra maneira.